

EXPOSICIÓN

EURO-SIONADO DE MARCO MOREIRA


12 DE DECEMBRO A 19 DE DECEMBRO DE 2023

NA FUNDACIÓN LUIS SEOANE, NA CORUÑA

PROXECTO SUBVENCIONADO POLAS AXUDAS

Á CREACIÓN ARTÍSTICA PARA ARTISTAS INDIVIDUAIS

EMPADROADOS NO CONCELLO DA CORUÑA



Espaço Mira

EURO-SIONADO, de Marco Moreira
Do 12 de decembro a 19 de decembro de 2023

www.marcomoreira.pt · info@marcomoreira.pt

Exposición

Produción e Coordinación: Marco Moreira

Publicación

Espaço Mira

Textos: Alberto Carton y Marco Moreira

Revisión de textos: Alejandro González Vicente

Deseño e maquetación: Marco Moreira

Fotografía: Iván Casal Nieto

Edita: Espaço Mira, Porto 2024

<https://www.miragalerias.net>, Espaço Mira

© da edición, Espaço Mira

© das imaxes, Iván Casal Nieto

© dos textos, os seus autores

Número de páxinas: 36

16,5 x 20,0 cm

ISBN impresión: 978-84-09-56613-6





EXPOSICIÓN

EURO-SIONADO

DE MARCO MOREIRA

EURO-SIONADO

Proxecto de Marco Moreira, subvencionado polas axudas á creación artística para artistas individuais empadroados no Concello da Coruña

Marco Moreira

O proxecto de traballo que o artista desenvolve consiste nunha reflexión sobre a práctica artística e os seus métodos. Centrándose na actividade de debuxar, trata de explorar o límite da existencia bidimensional como fronteira do que se constrúe como tridimensional, buscando así establecer relacións entre representacións e realidade que favorezan a indagación desa bisagra. Tamén reflexiona sobre o papel do artista, da arte e do espectador mentres disfrutan das interaccións sociais que se derivan destas actividades.

Cuestións que se inscriben como lugar a través das relacións sociais, e que se tratan cos conceptos de interactivo e interactividade para recontextualizar ideas que se materializan como obxectos creados que, inseridos nos procesos creativos das exposicións, como sínteses formais e dialécticas, involucran ó campo da arte e da vida como produtos, dando como resultado o traballo que desenvolve e a súa dimensión poética.

As obras presentadas nesta mostra consisten en mecanismos lúdicos (xogos) que están suspendidos no teito da sala de exposición. Elaborados en forma de caixas de madeira con tapa de acrílico transparente, co tamaño adecuado para ser manipulados polos visitantes. Cada caixa ten a configuración dun mapa de 7 países da Unión Europea (Alemaña, Francia, Italia, España, Países Baixos, Portugal e Suecia). No seu interior, bólas de grafito que se moven a través dun espazo labiríntico cheo de obstáculos, inspirados nas formas de algunhas das pinturas de artistas dos anos 60 como o norteamericano Frank Stella.

Os movementos dos espectadores ao manipular as pezas xerarán trazos debuxados en follas de papel colocadas no seu interior, que representan as relacións interpersoais dos espectadores coas cousas e entre eles, ao longo do período de tempo da exposición.

Con este proxecto de traballo preténdese observar as poéticas que se cruzan coas diferenzas formais que, a través das actividades individuais, ao realizar a intersubxectividade, convocan á vida como concepto para formar a síntese holística que aborda a arte e a cousa unívoca.









MARCO MOREIRA, «EURO-SIONADO»

Alberto Carton

Como nunha cábala numérica, «Euro-sionado» compóñese de sete pezas-obxectos que, dende a inmediatez da apropiación e da utilización do espazo como área de fluctuación, establece unha conxunción de xeografías segmentadas que, na súa redución, amplían a capacidade de lecturas non só sobre as súas construcións formais, senón tamén sobre a exaltación da actividade aleatoria como secuencia de intervención.

Marco Moreira (Favaios, Portugal, 1978) expuxo previamente na Fundación Luis Seoane («Sen título / Con título», 2019), e dirixiu cursos e talleres para esta institución («A mecánica do debuxo» en 2020, 2021 e 2023), entre outras moitas exposicións individuais e colectivas en na Coruña, onde reside e traballa, así como en España e Portugal. Nesta ocasión, consciente da importancia habilitadora da arquitectura como integradora da composición e tamén da funcionalidade sobrevida da acción humana como motor dun

exercicio relativamente indefinido, sete construcións en madeira, papel e láminas acrílicas suspendidas desde o teito mediante fíos transportan unha xeografía política maximalista cara unha xeografía reductiva. Convida ao observador a ser dinamicamente creador dunha nova espacialidade non absoluta: desvázase o sentido habitual da forma competente derivada e obrigada da súa non-agresión (ou intervención). Ese absoluto que confire a un obxecto unha consideración e carácter alleo á súa usabilidade participativa. En «Euro-sionado», todo o contrario, como é habitual nas liñas compositivas e teóricas dos seus traballos.

Máquinas de debuxo: mecánica e azar

No traballo de Marco Moreira hai unha clara identificación co debuxo como activador non só do grafismo visible (o debuxo é a matriz da forma constructiva que ordena certo modo de trasposición do observado, unha recoformación humanizada daquilo que se selecciona para refiguralo). O debuxo é a tipografía, a linguaxe deseñada, o capacitador para a comprensión de calquera dos nosos mundos.

As máquinas de debuxo son elementos mecánicos de transferencia, de polivalencia da forma, da multiplicación dun deseño. Son o núcleo da solidez operativa para obter un patrón, unha planimetría, unha organización do medio en estruturas compositivas xeradas segundo medidas humanizadas. Son facedoras materiais do obxecto-previo. No 2012, unha aproximación a esas «máquinas de debuxar» conxugou lápices e gomaz: o lápiz que proporciona unha liña como mancha e depósito de materia e de intervención manual como decantación do movemento e da súa traza-signo. No 2019, a corpulenta *The [...] [Drawing Machine] [...] with the Sound of Its Own Making* (Benal de Coluche), derivada da obra de Robert Morris *Box with the Sound of Its Own Making* (1961), reproduce sons e activa mecanismos de debuxo no seu interior, unha intención de ocultación que asigna unha lectura













de posibilidades azarosas sobre aquilo que puidese ser producido abertamente. Se fixamos unha bisagra entre esas obras-esculturas (pola súa tridimensionalidade e espazo xerativo circundante) e «Euro-sionado», podemos comprender a perseveranza no uso de materiais, a súa capacidade de intromisión, a súa potestade para a recreación do que non pode ser limitado, e a concordancia entre orixinalidade e codependencia. Sexa Robert Morris, sexa Frank Stella, sexa Fred Sandback, sexa calquera que se puidese citar como emulsionante, as relacións impregnadas e inequívocas con certos artistas dos anos sesenta e setenta son características en Moreira: a arte-simbiose como apropiación dese historial artístico por riba das influencias e do seu recoñecemento. A reticencia a transfigurar, disfrazar, agochar ou inhabilitar esas bases de acollida (os artistas norteamericanos citados; Franz Brentano e Henri Bergson coas súas liñas de escenificación entre as «estéticas do ser» e as «estéticas da forma», e os seus estadios de equivocidade e intencionalidade para o prusiano, da liberdade e da conciencia para o francés), as remonta en aparicións sustantivas estilísticas e formais: a plasticidade do tempo e dos seus autores. O tempo é un asunto de creatividade conceptual para discriminar o inabarcábel.

Pero tamén os dispositivos de axuda, reprodución, serialización e automatización do debuxo que dende a idade moderna permitiron a copia e execución de proxectos e facilitaron, polo tanto, non só a enxeñaría e a arquitectura, tamén a gráfica e, así, a textura compositiva do noso coñecemento aplicado: pantógrafos, espirógrafos, elipsógrafos, ferramentas para xeometrías complexas, plóteres X-Y para bosquexos... Podemos descubrir que algunhas destas ferramentas continúan vigorosas como aplicacións válidas para a consecución dunha obra programática, e tamén para a actuación resolutive de todos os participantes/público convocados durante a súa activación-manifestación. Todo iso, tamén, inserto na ensinanza, na educación e na reflexión. Na comunicación alternativa ante

o obxecto pretendido e predisposto con plena inflexión do artificio. E, como saída final para outros percorridos: o debuxo como pegada da consciencia inmediata e da meditación prevalente.

Xeografías da conduta: política, inercia e substrato creativo

A conquista habilidosa do transfronteirizo como nunha distópica «Fluctuación Schengen»: en «Euro-sionado», Moreira redistribúe sete países escollidos entre os eurocomúns, sete identificadores de unión-límite, sete dentro dun eurocentrismo puntuado por dominios que matriculan cada Estado: .de, .fr, .it, .es, .nl, .pt, .se. É curioso, cando menos, que esa sinalización direccional por si mesma sexa detractora dunha unión non conflictiva desde o plano da economía liberal. Agora ben: ¿esta selección de Moreira non pode obedecer a unha relativa actitude insistida na historia europea, como é a territorialidade descritiva Norte-Sur, con todo o que iso conleva? Quizais unha certa superficialidade da miña parte, pero non podemos negar que no noso subconsciente máis irreflexivo certas conveniencias adquiridas nos facilitan a necesidade de diferenciación, sexa esta positiva ou negativa, apartándonos do relativismo da neutralidade.

Levado aos obxectos, a cada país-obxecto, a cada cartografía de madeira que engade unha composición rasgada ou de xeometrías interdependentes –notemos que a curva só avanza polo sombreado leve das esferas de grafito introducidas en cada caixa, esferas-satélite que se descompoñen entre os barrotes internos que poderían amortiguar certas xeografías físicas de cada Estado–, ¿que mellor distopía que aquela que provoca a disfunción de todo concepto para resquebraxalo en posibilidade? Sete países desprovistos de autoridade, sometidos a pulsións, empuxes e arrastres, vapuleados









pola ironía que supón a acción humana precisamente sobre eses países-obxectos. Levado a esta instalación múltiple, nos suxestiona como conciencia e como aleatoriedade. Nun «dentro e fóra» espacial e na conformación do real: a estratexia política da diferenciación e da equidistancia, as fronteiras necesarias para a dotación de entidade, a toma destas fronteiras como quebras e a súa minimización en escala para moldealas, desaxustalas (deterritorialízalas ao ser mobles nun espazo disuasorio e difuso), e incluso competilas pola mecánica do xogo inducido.

Así, ¿é un acto de propiedade a intervención sobre o obxecto, ou é un acto de apropiación indicada e consentida por Moreira, sendo esa acción unha intención do artista para a súa reactivación como obra máis aló do seu elemento participativo? A delimitación da obra física como tal (tanxible ou non, pero si existente) transfírese hacia un proceso evolutivo de concatenación do azar como elemento particular para a obtención da forma-pegada que simboliza a rastro da proxección das persoas tras a súa participación. Ese rastro intuitivo e introdutorio é o que autoriza ao autor a súa reasignación como factor adaptativo do obxecto. Calquera alteración, por estar xa prevista como dotación de carga incentivada para a consolidación do obxecto formal, consigna o traspaso da inmovilidade da obra cara ao seu sistema conductista de transferencias fluídas máis aló do momento-síntese da súa execución.

Insistindo nesta idea do obxecto (escultura precisa e ambientalmente táctil), poetízase en traslación e reconfiguración: un transporte figurativo polo recoñecemento da ductilidade do comportamento executor (e no seu permiso, decisión do artista que «ordena» esa execución). Unha sinécdoque conxuntiva na que os problemas inherentes ao funcionamento de calquera Estado (funcionamento que necesita da alteración motivada para a súa sociabilidade contractual –a sociedade-pertenza, a «cultura» do fomento do diferente–) poden ser afrontados dende a oposición oportuna que se posiciona xerando

alteridades e inimizadas, ou resolutamente polarizacións partidistas para a reafirmación da persoa-consciencia. Ata ese punto a importancia das xeografías políticas como facedoras dos espazos estratéxicos de pertenza-nación. O combativo de «Euro-sionado» é a interacción non contractual como subversión dunha realidade que pola súa premura esquilma calquera análise proxectiva da súa realidade-agora. Na obra, esa realidade-agora é o líquido-maleable que non precinta o seu carácter artístico de correspondencia analítica, crítica e lexible.

Nesta circunstancia entre elementos/países e elementos/persoas, conflúen a emancipación dun dictado xeoestático e a diferenciación imperativa na síntese do obxecto como asunto líquido do voluble. A ironía (ou o cinismo) dos Estados: necéstanse –nós necesitamos– los porque así no-los outorgamos– mentres sexan útiles para a conduta de caracterización e diferenza; despexan-se e suprimen-se segundo o alarde requerido pola ética da autosatisfacción (cunha certa dose de «idolatría polo egoísmo ultranacional» impostado e engolido con calquera dos seus adxectivos conmemorativos concelebrados). Fixémonos na deriva deste análise crítico: por riba do obxecto-creación, a capitalización deste como sucesión de afluencias histórico-artísticas, culturais, políticas e xeográficas, entre outras, nunha reasignación de significantes adheridos a un xuízo da autoimaxe: a hiperactividade emocional que se exprime desde a arte non recreativo ou indolente.

Metapaisaxes e outros axustes sobre os espazos morais

Podemos cifrar os axustes do «occidentalismo moral» como unha percepción da autoridade e do ensimismamento. Agora ben: ¿non é iso consecuencia da propia execución en intimidade da nosa habilidade incisiva para a configuración intelectual e xestual da nosa









intrahistoria como xustificante de todas as concepcións históricas da nosa ética civilizadora?

Con esa rotación motriz que asume un destino, e sendo as xeografías cortantes de «Euro-sionado» unha metapaisaxe que se decanta no destilado do contemplativo, os obxectos-caixa inestables desenríptanse en paisaxes-mapa como síntese da instancia cara ao desexo. Esta metapaisaxe é o da razón fiábel: a perseverancia polo descubrimento non se enquista, senón que se percorre e se viaxa nunha concatenación de rutas que se reteñen e se ensanchan con aprecio necesario tras cada volta a un orixe de habitación e de recordo. A metapaisaxe constituída por unha suma de lindes e por unha estratigrafía dotacional que o nutre de memorias vasculares habilitadas pola súa presencialidade. O tempo no seu despois, o tempo sosegado que superpoñe cada unha das capas desa paisaxe superior e selecta que só existe en cada un e para cada un, alleo a nomenclaturas biopaisaxísticas que obedecen a categorías de relativa imposición, xerarquías que implican unha acomodaticia desasistencia cara a un mesmo. «Euro-sionado» é a ilusión cenital que interven todo un sistema concreto que afecta ao espazo dotacional: desde a problemática do espazo difuminado e inexacto no seu bascular, ata o epitelio sociopolítico, artístico e cultural que se mencionou, e incluso a historia consultiva e dependente. unha metapaisaxe rotativa na que os perímetros sintéticos de cada país se obxectualízanse nun baleiramento lateral e atómicamente transfronteirizo.

Libre de monotonía y repetición, «Euro-sionado» é unha confrontación co estatismo, é un fenómeno para ensanchar oportunidades sobre o sentido da percepción observable e utilizable. Unha fenda entre o acontecido, o que queremos que acabe acontecéndonos, e o seu recurso como recorrente ou recurrido: o apercebido, aquilo que podería ser ensimismado tras esas confluencias de interese sobrevido, incitado e excitado. Case en cotas de nivel, a escultura

pendente do espazo como continxencia, o volume como marco operativo do obxecto-función e o fundamento do tanxible como aporte de materialidade creativa. A desmaterialización é o oposto á visibilidade necesaria da composición múltiple daquilo que podería resultar un contraste entre as dinámicas dos territorios plásticos (e dos territorios consecutivos da apropiación polo espectador do que se canaliza como aparato da metáfora) e, por tanto, como solución da imaxinación. O «arte da imaxinación» é unha construción do arte dun proceso e da súa consecuencia. Como en moitas das obras de Marco Moreira, a xeometría é o paradigma da segmentación do espazo revelado e da flexión do pliegue como estrutura compositiva para o desenvolvemento progresivo da forma-obxecto e do seu aspecto modificador actuante dentro de calquera medio, e na súa ambientación-medida. O espazo como sostemento da personificación do contorno, do seu coñecemento, da súa experiencia e da súa vitalidade: xa en 2015 expuxen e sigo defendendo que a «vulnerabilidade sustantiva» é a manifestación imprevisible da acción individual como constitutiva de todo aquilo que poida ser realizado, contemplado, e por oposición e por compilación, resolto en obra práctica (e artisticamente nomeada así pola súa variabilidade e permanencia). E a «vulnerabilidade sustantiva» que nós provocamos ao descifrala, comprendela e asumila, autenticándoa como clave procedimental da nosa singularidade.

Unha intendencia do estímulo e do seu facer, sexa cal sexa o seu resultado ante o atónito que espolease o factor azar. Pero nese estímulo fulgura xa a capacitación para o desexo e para a creación recreativa dese desexo na súa formalización: o obxecto como imaxe, o obxecto como sólido do seu «agora particular», o obxecto como obra, e a imaxinación no seu recoñecemento e insurxencia. A Arte como conduta e decisión.





